

UN VELLO MOSTEIRO LUCENSE NA TERRA DE PALLARES

Nicandro Ares Vázquez

RESUMO

En primeiro lugar rexístranse os estudos feitos sobre a igrexa románica de Santa María de Mosteiro (Lugo). Despois ofrécese uns comentarios a dous inéditos documentos daquel mosteiro e as copias que hai no Arquivo da Catedral lucense. Finalmente móstranse as referencias a este mosteiro que hai no s. XIII na Colección Diplomática de Ferreira de Pallares.

RESUMEN

En primer lugar se registran los estudios que se han hecho sobre la iglesia románica de Santa María de Mosteiro (Lugo). Después se ofrecen unos comentarios a dos inéditos documentos de aquel monasterio y las copias que hay en el Archivo de la Catedral lucense. Finalmente se muestran las referencias a este monasterio que hay en el s. XIII en la Colección Diplomática de Ferreira de Pallares.

Coñecida é de moitos lucenses, e sobre todo polos veciños do municipio de Guntín, a parroquia de **Santa María de Mosteiro**, hoxe en día anexa a San Salvador de Francos, pertencente eclesiasticamente ó arciprestado de Pallares, situada a uns 15 kms. ó sur da capital provincial, entre a ribeira dereita do Miño e a marxe esquerda da estrada que de Lugo conduce a Portomarín.

Esta freguesía consta actualmente de sete aldeas, que se chaman *O Barrio, A Corredoira, Mosteiro, Outeiro, Vigo, Vilar, e Xubín*. Madoz (Diccion. Geogr.) escribe: “le baña de N a E el arroyo Batán que corre al Miño. Entre sus montes está la Gándara de Mosteiro y Miñao”.

No ano 1752, cando se fixo o Catastro do Marqués de la Ensenada, esta freguesía era “de Señorío del Ylmo. Señor Obispo de Lugo... que percibe la luctuosa de todos los vecinos excepto los hidalgos”. No mesmo Catastro constan os seguintes límites e demarcacións da parroquia:

Al Levante, San Esteban de la Mota; al Poniente, Santa María Magdalena de Mougán; al N San Salvador de Castelo; al S San Salvador de Francos. Empieza la

demarcación en Fuente de la Virtud, Carballo de rego de Zelle, Marco inmediato al Camino Real que pasa a la ciudad de Lugo, Moxón da Chousa do Chao do monte, sube derecho a Fuente de Carrachas, Castiros das Travesas, da la vuelta a la Fuente da Gafa, sitio de Perincan, baja a la Pedreira de Perincan, sube por el Riego de Folgueira, vuelve a bajar por el Riego de Golmeiro al Riego do Batán y al Río Miño, de este pasa al Moxon de Aguián dando vuelta a la Fuente de Requeixo, sigue por el Rigueiro do Bales a la Pena de Fernalgan y sube al Riego de Folgueira y al Marco de Ourol, baja por el Riego dos Asiveiros a Fuente de la Virtud (1ª demarc.).

O TEMPLO PARROQUIAL

A igrexa de **Santa María de Mosteiro** conserva aínda importantes elementos románicos, como son, por exemplo, a nave rectangular con canzorros xeométricos no beirado do teito e ábsida máis reducida e baixa con bóveda de cañón, tamén con canzorros no exterior. Ten tres portas de acceso: a principal con dobre archivolta tórica de medio punto encol de dous pares de columnas acantoadas e mochetas configuradas de monstros; a porta do norte, hoxe tapiada, de archivolta semicircular adornada con tacos e imposta con pérolas; e a porta do sur con archivolta de baquetón encol de columnas acodaladas, mochetas teriomórficas e tímpano con debuxos xeométricos.

Unha descrición máis ampla e con máis detalle publicouna por vez primeira Amador López Valcárcel no *Boletín de la Comisión de Monumentos de Lugo* (VII, 1964, 268-270), onde indica que non sabemos documentalmente quens e de que modo fixeron vida aló polos séculos IX-XII naquel **mosteiro**, ó que alude o topónimo; pero un capitel “de marcado sabor visigótico”, que se garda no Museo Provincial, podería confirmar a opinión de que aquí houbo xente enclaustrada na época aludida.

Da devandita igrexa románica deu tamén conta Angel del Castillo no *Inventario de la riqueza monumental y artística de Galicia*, páxinas 353-354 (Santiago 1972), datándoa na “segunda mitad del siglo XII”.

O mesmo opina Nicanor Rielo Carballo no *Inventario artístico de Lugo y su provincia* (IV, 283-285; Madrid 1980) e na *Gran Enciclopedia Gallega* (21/251-252), facendo estas advertencias:

“De este cenobio no se conoce por el momento prueba documental alguna. Se sabe que perteneció o fue absorbido por el de Ferreira de Pallares y se supone que fue habitado por mujeres. En épocas pasadas ejercían el señorío sobre la feligresía los señores de Gaioso.

Casa Priorato. Entrada con arco de grandes dovelas, picaporte de hierro y espacia-sas estancias con vanos de comunicación, la mayor parte en sillares irregulares.

Prehistoria y etnografía. El castro de la Iglesia con restos de fortificaciones. Un barcal o sartego en casa de Arriba, antropoide. Otro similar en casa de Abaixo. Otro muy deteriorado en casa de Puga y restos de otro con relieve de cruz patada en el mismo lugar. Se ven por los caminos restos de molinos romanos. En toponimia menor A Cova dos Mouros. El año 1744 se ordena el derribo de la ermita de San Pedro que se supone estaba situada en las inmediaciones del templo parroquial”.

Posteriormente tratou desta igrexa Ramón Yzquierdo Perrín, *La arquitectura románica de Lugo*, páxinas 169-172 e fotos na 346 (La Coruña 1983), indicando que

“se desconoce toda referencia documental relativa a este antiguo cenobio, constituyendo los únicos indicios de su pasada existencia el topónimo y la tradición todavía viva entre los lugareños ... La iglesia de Sta María de Mosteiro es un sencillo ejemplar de nuestra arquitectura rural medieval que fue, probablemente, construido en los primeros años del siglo XIII, fecha que convendría al apuntamiento de su arco triunfal y tratamiento que reciben sus motivos ornamentales, como por ejemplo los capiteles de sus puertas”...

De novo volveu a estudiala con profusión de particularidades arqueolóxico-ambientales Jaime Delgado Gómez, *El románico de Lugo y su provincia*, I, páxs. 381-392 (Edinosa S.L. La Coruña 1996).

Ultimamente José Freire Camaniel, *El Monacato Gallego en la Alta Edad Media*, páx. 800 (A Coruña 1998), citando a L. Valcárcel e I. Perrín, escribe: “Monasterio no suficientemente documentado. Se hace reposar su existencia en el topónimo *Mosteiro* y la tradición todavía viva entre los lugareños”.

DOCUMENTOS EPISCOPAIS

Dado que ninguén ten aducido referencias documentais sobre este **Mosteiro**, non sendo unha breve alusión de A. García Conde no seu *Episcopologio Lucense*, páx. 170 (Lugo 1991), pretendo eu agora aportar algunha documentación referida a este cenobio medieval.

A mención con data máis antiga que coñezo é do 16 de xaneiro do ano 1119, cando o matrimonio formado por *Johannes Didaci* e *Marina Luci* doan ó bispo lucense Pedro III e ós seus cóengos no territorio de Pallares a súa porción do Mosteiro que se chama de Pallares, onde está fundada a igrexa en honor de Santa María Virxe, tanto na parte superior coma na inferior:

“in territorio Palliaris porcionem nostram eiusdem Monasterii quod Palliaris vocitatur, fundata ibi ecclesia in honore Sancte Marie Virginis tam in superiori parte quam et in inferiori”.

O documento indica que desta posesión eran herdeiros ambos consortes por sucesión natural, por adquisición de seus pais, e por compras propias, posto que de *Aria Luci* (¿irmán de *Marina*?) fora comprada a cuarta porción do mosteiro como tamén a vila que está diante do mosteiro:

“quartam videlicet porcionem comparatam de Aria Luci tam ex ipso monasterio quam etiam et villa que est ante portam ipsius monasterii”.

Outra porción do mosteiro, a de *Pelagio Justici*, tamén a tiñan lexitimamente escriturada, cos seus achegos e deslindes, coas igrexas a el subordinadas e con non pouca familia:

“alteram siquidem porcionem Pelagii Justici, vel quascumque ibi abemus adiunctiones et proflicationes per nostras legitimis scripturas cum ecclesiis sibi subditis et non pouca familia”.

Doan ademais outras herdades alí mesmo en Pallares que foron de *Pelagio Bretici* e a porción deste no mosteiro e igualmente a “*insula mediana*” (chamada hoxe “A Ínsua”, no medio do Miño) e outra vila que fora de *Nunnu Odoarii*:

“Damus etiam alias hereditates in Palliaries qui fuerunt de Pelagio Bretici et eiusdem monasterii porcionem ipsius Pelagii et Insula Mediana similiter, et aliam villam que fuit de Nunnu Odoarii”.

Todas estas vilas, as igrexas, o mosteiro, as posesións e as familias, segundo constan nas escrituras, danllas *sub uno*, é dicir, formando unidade no citado lugar para que as posúa perpetuamente a Sé lucense ou seu vigairo, é dicir, o seu bispo.

Seguen as conminacións contra os detractores do testamento, o cal foi feito na feira quinta do medio de xaneiro da Era 1157: “*Facta testamenti serie feria V^a mediante Januario Era I^a C^a L^a VII^a*”. Ese xoves de mediados de xaneiro foi o día 16 do mes, porque a data 1157 da era hispánica, restándolle 38 anos, equivale ó ano 1119 de Cristo, no cal o domingo de pascua correspondeu ó día 30 de marzo, e polo mesmo foi tamén domingo o 19 de xaneiro, e xoves o 16 daquel mes.

Confirman este testamento coas súas mans os doantes, diante de tres testemuñas: *Petrus, Pelagius, Didacus*. E a esta escritura engaden un codicilo polo que doan ademais a súa porción do mosteiro de Basadre, “*porcionem nostram monasterii de Vasadria*”, coas igrexas, vilas e familias a el sometidas; e no territorio de Deza a igrexa de “*Sancta María de Domno Ranemiri*” (hoxe Donramiro), cos seus achegos, froitos e familias, quedándose así e todo co usufructo durante a súa vida, para que despois da súa morte a reciba o vigairo da Sé lucense sen outro herdeiro.

Seguen tres columnas de confirmantes: na primeira, o bispo *Petrus*, o xuíz *Pelagius*, e tres arcediagos: *Pelagius, Michael, Nunno*. Na segunda están catro testemuñas: *Petrus Arie, Froilla Arie, Pelagius Martini, Veremudus Suarii*. Finalmente, na terceira columna confirman cinco cóengos: o arquivero *Rudericus*, o presbítero *Pelagius*, o diácono *Petrus*, o sancristán *Didacus*, e o tesoureiro *Martinus*, que foi o notario.

Tal pergamiño, segundo a referencia de García Conde (o.c.), consérvase no Archivo Histórico Nacional de Madrid, “tomo 6^o de Palacio, leg. 733, f. 155; es visigótico admirablemente conservado”. Pero eu utilicei a copia do Arquivo Catedralicio de Lugo, feita por Ventura Cañizares, *Colección Diplomática*, vol. II, fol. 483. Copia que irá reproducida ó final deste comentario.

Importa suliñar nesta escritura que se fala nela de varias porcións do devandito mosteiro, o cal induce a pensar que aquel cenobio patrimonial fora dividido polos herdeiros antes de 1119 e parcialmente recuperado en unidade (*sub uno*) polo matrimonio Xoán Díaz e Mariña Luz. Entón é cando podemos entender outra escritura da catedral lucense, sen data, que comento xa de contado.

En efecto, na mesma Colección Diplomática de Cañizares (I, 240) hai unha venda de *Pelagio Bretiz*, neto de *domna Honega*, a *domno Luzu Arias* e á súa muller *domna Ildoncia Gundesindiz*, venda referida a herdades que estaban no territorio de Pallares xunto ó río Miño e no lugar devandito que chaman Mosteiro de *Iusano* (= de baixo) en Santa María de Pallares:

“in territorio Paliaries iuxta flumen Minio et in loco predicto ubi vocant Monesterio de Iusano, Sancta Maria de Paliaries”.

Non ten data esta escritura e consérvase no AHN, lib. 9^o de pergam., instrum. 68, hoxe n^o 70, segundo a cita e copia de Cañizares, que irá ó final deste comentario. Pero polos nomes persoais mencionados, Pelagio Bretiz e Lucio Arias (¿pai de Mariña Luz?), parece unha escritura anterior á de 1119, que acabamos de glosar e sintetizar, dado que

un *Luzo Arias* confirma nunha escritura de Lugo o 17 de marzo de 1104 (Cf. *Lucensia*, nº 8, 1994, p. 177). Por outra banda, observamos que esa señora *Ildoncia Gundesindiz*, esposa de *Luzo Arias*, leva aquí o mesmo nome e apelido que tivera no ano 995 a fundadora do mosteiro de Santalla de Fingoi (Cf. M. Rubén García Álvarez, na revista *Yermo*, V, 1967), hoxe Santalla de Cuíña, que non está lonxe de Santa María de Mosteiro. O cal podería indicar que fose da mesma familia. Tampouco sei dicir se esa *domna Honega*, avoa de *Pelagio Bretiz*, sería aquela *comitissa Honega*, viúva de don Rodrigo, que figura nun doc. do ano 978 con cinco fillas: *Honega*, *Trudilli*, *Velasquida*, *Mumadonna*, *Ildonzia*, e suscribe dicindo: *Onega Luce confirmat* (H. Flórez, *España Sagrada*, XIX, 373-375).

O 13 de abril de 1220 Rodrigo Pérez e María Peláez doan o bispo e cóengos lucenses varias herdades *in Lausata, sub aula Sancte Eolaliae, in Pineiros, et in Barrio, et in Cima de Villa, et in aliis locis* (Cañizares, Col. Diplom. III, 706). Ese Barrio é aldea de Santa María de Mosteiro.

Na mesma Colección Diplomática de Cañizares (III, 714) e na de Pablo Rodríguez, folio 202, consta que Fernando García de Sarria doa ó bispo lucense Ordoño o día 1º de decembro de 1221 os dereitos e herdades que súa mai Xemena Moñiz tiña en varias igrexas da zona de Cereixa (Pobra de Brollón) e outras cerca da capital lucense, entre as cales lembra as tres seguintes:

“in Sancto Petro de Sompnari (hoxe Soñar), et in Monasterio de Rovoredo (hoxe Reboredo, aldea de Soñar) et *Monasterio de Pallares*, totam vocem meam cum omnibus pertinenciis suis, scilicet, quidquid juris in paedictis locis omnibus et in omnibus aliis locis ecclesiasticis, si qua sunt, habuit mater mea”.

DOCUMENTOS ABADENGOS

Por outro lado, hai unha serie de documentos, incluídos por José Angel Rey Caíña na súa inédita *Colección Diplomática del Monasterio de Santa María de Ferreira de Pallares* (Univers. de Granada, 1982; cito CDF), que se refiren a Santa María de Mosteiro de Pallares, indicándonos deste xeito a subordinación alomenos parcial ou económica respecto da abadía de Ferreira.

Así (CDF 11) aparece en 5-IV-1164 Fernando e Mateo Núñez vendendo a Falcón Peláez unhas herdades *in territorio Palares discurrentes ad ecclesia Sancta Maria de Paliars, villa prenomina Iuvim et alia Mogaim* (hoxe Xubín e Mougán).

En 18-VII-1227 Diego Yáñez vende a seus hirmáns por 80 soldos propiedades de seu pai e das arras de súa mai, entre as cales nomea *alie hereditates que sunt in Paliars, in villa que dicitur Vilar Aldar in casale qui vocatur Caal, sub ecclesia Sancte Marie de Monasterio de Paliars* (CDF 46).

En 6-XII-1233 (CDF 60) figura un pacto de Xoán Rodríguez e da súa muller María Rodríguez co abade de Ferreira de Pallares, Xoán Louzao, polo que aqueles ofrécese como *filigliges* deste mosteiro e postulan o seu enterramento nel, doándolle moitas e valiosas herdades en distintos lugares: *Vilar Aldar et Canal et in Cas de Tauris sub signo Sancte Marie de Monasterio de Paliars*; a cuarta parte da *Torre* (en Francos?); a súa voz en San Martiño de *Meta* (Montedemeda), na igrexa de *Sancti Cipriani* (San Cibrao de Montedemeda), na igrexa de *Sancta Maria de Meta* (Stª Mª Madanela de

Montedemedea), en San Pedro de *Mera*, en San Miguel de *Bacurin*, en San Vicenzo de *Edral* (hoxe Veral), en Santiago de *Samassas*, en San Romao de *Luco*, no mosteiro de *Sancti Antonini de Toca* (Toques), na igrexa de San Miguel de *Constanti*, no mosteiro de *Sancti Facundi de Ripa Minei* (San Facundo de Ribas de Miño), na igrexa de *monasterio de Sismondi* (¿Sesmonde, en Laxe?), na igrexa de *Vilaragunti* (id.), en San Pedro de *Sonar* (Soñar), na igrexa de *Roboredo* (Reboredo, de Soñar), toda a voz de *Ruderico Montisino et de donna Lupa in Sancta Maria Monasterii de Paliare*, e finalmente toda a súa voz na igrexa de *Martim*, probablemente ubicada en San Salvador de Francos, dado que en 1439 figura “*Santa Olalla [hoxe Santalla], so signo de Sant Salvador de Martin*” (Cf. Lucensia, nº 5, 1992, páx. 161 e M^a X. Portela Silva, Documentos da Catedral de Lugo século XV, p. 194). A esta doazón aludiré un inventario do ano 1310 coas posesións que tiña a abadía de Ferreira de Pallares, onde consta que “*Villar Aldar foy de Maria Rodriguez, fila que foy de Rodrigo Montesino*” e “*de Moesteyro de Pallares avemos herdamento de dona Loba et de Rodrigo Montisino*” (CDF 340).

En 13-IX-1238 as irmás *Gudina et Dominica Froile* venden a seu cuñado *Nuno Petri et uxori tue Marine Froile* unha herdade *sub aula Sancte Marie de Monasterio de Paliare in Iuvim* (hoxe Xubín) *et est in casale que vocant Odosinda Vermudi* (CDF 66). As mesmas mulleres, en xullo de 1239, venden a súa irmá *Marina Froyle*, casada con *Nunus Petri*, o *casale de Pelagius Veremudi ... sub signo Sancte Marie de Monasterio de Paliare* (CDF 70).

En 27-IV-1248 o abade e convento de Ferreira de Pallares encarta a *Petro Artario de Vilar Aldar* unha herdade *quam habemus de Maria Ruderici de Caal*, para que a cultive, faga un muíño, e pague por pascua a metade da ganancia e froito da mesma. Indícase a súa ubicación *per viam de Ienat usque ad Portum de Ambaria ad iusum, suum portum cum sua aqua; et est ipsa hereditas sub aula Sante Marie Monasterii de Paliare* (CDF 99).

En febreiro de 1259 *Alfonsus Petri* vende a *Fernandus Johannis* e á súa muller *Maria Fernandi* unha parte de herdade de súa mai no territorio *Palaris sub aula Sancte Marie de Monasterio de Palaris in villa quod vocatur Govinus* (hoxe Xubín) *in casale de Munio Fernandi* (CDF 154).

O 10-XI-1263 “*Pedro Fernandez, filio de dom Fernam Rodrigez et de dona Orraca Muniz, a vos Lopo Rodrigez, filio de dom Rodrigo Fernandez de Rodeyro dou e outorgo et renuntio por senpre todo quion et voz que ayo ... ena eglisea de Sancta Maria de Moesteyro de Pallares* (CDF 190).

En 28-VII-1272 “*eu Fernan Lupez, dicto Yspara, mando ao mosteiro de Ferreyra de Pallares o mio quinum do igrigario de Moesteyro de Palares* (CDF 228).

En 24-IV-1284 “*Arias Sebastiani de Barrio*” vende ó seu fillo *Eguidio Arie* toda a súa herdade *sub signo Sancte Marie de Monasterio de Palliare* (CDF 291).

O 5-V-1286 o crego *Arias Alfonsi* compra a *Maria Fernandez, filla de Maria Moniz*, unha leira *sub signo Sancte Marie de Monasterio de Paliare* (CDF 302). E parece que a este mesmo clérigo do moesteyro de Pallares e a outros véndelles en 11-IV-1292 *domna Tareysa Martines quanta herdade eu comprey de Maria Perez, muler que foi de Gil Arias, sub signo de Santa Maria de Moesteyro de Palares; covem a saber: a casa de sobre da porta et a herdade que foi de Maria Savastaes, et recebo de vos por esta venzon dosentos morabitanos alfonsiis da may da moeda da gerra*” (CDF 318).

Finalmente, en 6-IV-1297 "*Pedro Peres da Fonte et mia moller Maria Dominguez... a vos don Guilelmo Rodriguez de Rodeyro ... vos vendemos o noso quinon do egreiario de Sancta Maria de Moester de Pallares*" ... (CDF 327).

Todas estas compravendas e posesións pasaron dunha maneira ou doutra a ser bens patrimoniais do mosteiro beneditino de Ferreira de Pallares, exercendo polo mesmo un dominio territorial máis ca espiritual sobre unha parte da freguesía de Santa María de Mosteiro, quedando segundo parece o bispo de Lugo como señor da outra, onde estivera o mosteiro.

Dado que Santa María de Mosteiro limita con San Salvador de Francos, a antiga igrexa de *Sancti Salvatoris de Martim* (cf. Lucensia, Nº 5, 1992, p. 161), podemos supoñer que nestas dúas freguesías ubicaríase inicialmente un mosteiro dúplice: quizabes de frades en Sta. María, e de monxas en San Salvador, como foi costume con tales advocacións; por exemplo, no mesmo municipio, Sta. María de Ferreira de Pallares e o seu anexo San Salvador de Guntín; San Salvador de Castelo e Santa María de Zolle.

DOCUMENTOS

I

[*Donación de Juan Díaz y Marina Luces a la iglesia lucense*]

Era 1157 = Año 1119, 16 de enero.

Gloriose genitrici Domini nostri Iesu Christi et saluatoris mundi domne marie. uirgini. cuius sancta et uenerabilis ecclesia fundata est in urbe lucensi prouincie gallicie nos famuli uestri licet indigni Johannes Didaci et uxor mea Marina Luci facimus scripturae textum de hereditatibus nostris tam ex susccessione auorum quam et parentum acquisitione. Id est in territorio Palliaris porcionem nostram eiusdem monasterii quod Palliaries uocitatur fundata ibi ecclesia in honore sancte marie uirginis tam in superiori parte quam et in inferiori, in utraque parte porcionem nostram offerimus lucensi sedi et episcopo eius domno Petro tertio eiusque canonicis deo militantibus quantum nos ibidem habere condecet inter consortes nostros ex ipsa naturali successionem necnon et parentum acquisitione et emptione et nostra; quartam uidelicet porcionem comparatam de aria luci tam ex ipso monasterio quam etiam et uilla que est ante portam ipsius monasterii. Alteram siquidem porcionem pelagii iustici, uel quascumque ibi abemus adiunctiones et proflicationes per nostras legitimas scripturas cum ecclesiis sibi subditis et non pauca familia. Damus etiam alias hereditates in Palliaries qui fuerunt de pelagio bretici et eiusdem monasterii porcionem ipsius pelagii et insula mediana similiter, et aliam uillam que fuit de nunnu odoarii. Has denique uillas, ecclesias, et monasterium possessiones et familias secundum in scripturis nostris resonat concedimus nominato loco sub uno hec omnia perpetim possidenda. Si uero, quod absit, aliquis contra hoc testamentum ad irrumpendum uenerit, quod calumniatus fuerit tripliciter componat Lucensi sedi uel eius uicario. Et scriptura hec plenum robur obtineat in perpetuum. Facta testamenti serie feria V^a mediante Ianuario Era I^a. C^a. L^a VII^a. Nos superius nominati hanc scripturam propriis manibus confirmamus - Qui praesentes (*en el texto qi ps*) fuerunt. Petrus tests. = Pelagius tests. = Didacus testis = Adicimus in hoc testamento porcionem nostram monasterii de uasadria cum aeclesiis et uillis sibi subditis et familia, quantum nos inde condecet inter nostros heredes. In terri<tori>o etiam decie ecclesiam aliam que

dicunt sancta maria de domno ranemiri cum adiunctionibus familiis suisque utilitatibus, tali tenore ut teneamus illam usu fructuario in nostra uita, post obitum uero nostrum recipiat illam lucensis sedis uicarius absque alio herede.

(*Primera columna*) Petrus Dei gratia Episcopus conf. (SIGNO). Judex Pelagius conf. = Archidiaconus Pelagius conf = Archidiaconus Michael conf = Archidiaconus Nunno conf =

(*Segunda columna*) Petrus Arie conf = Froilla Arie conf = Pelagius Martini conf = Veremudus Suarii conf =

(*Tercera columna*) Canonici Sancte Marie, Rudericus Armarius conf = Pelagius Presbiter conf = Petrus Diaconus conf = Didacus Sacrista conf = Martinus Tesaurarius notui ==

(*En el reverso se lee de letra mayúscula del mismo tiempo*) = Testamentum quod fecit Johannes Didaci.

Tº 6º de perg. instº 155. C. R. [= ¿Colección Rubiera?], pág. 235-236.

Cot. escrupulosamente con el original de letra gótica antigua. Madrid 26 de junio 1929.

Habiendo sido la letra dominical en 1119 *E*, la *feria Vª mediante Januario* corresp. al día 16 de enero.

VENTURA CAÑIZARES, Colección Diplomática, vol. II, fol. 483 [*ten dibujado o SIGNO do bispo Pedro*].

[Tamén consta este doc. na Colección feita por Fr. Pablo Rodríguez, nº 117, fol. 128r-v, que se garda no Arquivo da Catedral de Lugo].

II

Venta de heredad por Pelagio Bretiz
a D. Luzo Arias y a Dª Aldonza Gondesindiz
Siglo ... [*anterior ó ano 1119*]

In Dei nomine ego Pelagio Bretiz vobis domno Luzo Arias et ad congiam vestram domna Ildoncia prolix Gondesindiz, in domino Deo eternam salutem amen. Obinde placuit nobis atque convenit nullis quoque gentis imperio nec dentis articulo, sed propria nobis accesit bone pacis voluntas ut faceremus ad vobis testum scripturam et cartulam venditionis sicut et facimus de hereditate nostra propria que abemus de abiorum nostrorum in territorio paliars iuxta flumen minio, et in loco predicto ubi vocant monesterio de iusano; Sancta Maria de paliars cum adiunctionibus suis totis, et criatione; vindo et concedimus de illo monesterio de racione nostra abolam domna Honega vindo inde ad vobis nostra portione integra cum totas suas adiunctiones, et cum tota sua criatione per ubi ea potueritis invenire; pro quo accepit de vos precio hic est solidos triginta et vakas duas cum suos filios, tantum me bene complacuit, et de illo precio aput uos nicil inde remansit indebitu. Ita ut de odie die vel tempore sit de iuri nostro abrasa et in vestro iure sive est tradita atque confirmata. Si quis autem quos fierit non credo de aliquis homo de parte nostra vel de estraneis contra hunc factum nostrum ad inrumpendum venerit paria ad vobis illum monesterium duplatum, et desuper paria solidos C.C.

Ego Pelagio Bretiz ad vobis domno Luzo in hoc kartula legentem audivimus et manus nostras roboravimus.

1ª col.- Qui presentes fuerunt - Velasco testis confirma - Renemirus testis - Fernando testis-

2ª col.- Froila testis - Munio testis - Arias testis -

3ª col.- Et alii plures hic in concilio confirma - Gundisalbo presbiter confirma
 - Rotrigo presbiter confirma - Petro presbiter confirma.
 Gondesindus presbiter qui notavit.

De la C. R. que la refiere al lib 9º de pergaminos, instr. 68 con el cual ha sido cotejado esta copia y que tiene el nº 70.

VENTURA CAÑIZARES, Colección Diplomática, I, 240.

III

Pacto entre Xoán Louzao, abade de Ferreira de Pallares,
 e Xoán Rodríguez e a súa muller María Rodríguez. Ano 1233, 6 de decembro.

In dei nomine amen. Sciant presentes et posterii quod ego Johannes Ruderici et uxor mea Maria Ruderici, libenti animo et sinceram voluntatem facimus pactum firmissimum ad monasterium Sancte Marie de Ferrara et ad abatem J[ohannem] Lauzani et conuentui ipsius monasterii, sub tali condicione quod sedeamus obedientes et filigliges ipsius monasterii tam in uita quam in morte, et modo damus ad ipsum monasterium Sancte Marie de Ferrara nostras hereditates nominatas, Vilar Aldar et Canal et in Cas de Tauris sub signo Sancte Marie Monasterii de Paliars, omnia uoce de illos casales quod ibi ad nos pertinent per ubi eas inuenire potueritis, scilicet: casas casales terras arbores montes fontes exitus et regressus et molinos usque ad minimam rem, et quartam partem da Torre cum sua uoce, omnia sua uoce in Sancto Martino de Meta in ecclesia et in leicalio, et in ecclesia Sancti Cipriani similiter, sua uoce/ in ecclesia Sancte Marie de Meta, sua uoce Sancti Petri de Mera, Sancti Michaelis de Bacurim similiter, et in Sancto Uincencio de Edral similiter, et in Sancto Jacobo de Samassas similiter, omnia sua uoce Sancti Romani de Luco, omnia uoce sua in monasterio Sancti Antonini de Toca, in ecclesia Sancti Micahelis de Costanti similiter, in monasterio Sancti Facundi de Ripa Minei similiter, omnia sua uoce in ecclesia de monasterio Sismondi, in ecclesia de Uilaragunti similiter, omnia sua uoce in uita sua in Sancto Petro de Sonar, et in ecclesia de Roboredo similiter, et in Sancta Maria Monasterii de Paliars omnia uoce de Ruderico Montisino et donna Lupa, et omnia sua uoce ecclesie de Martim, et <damus> ipsas hereditates/ liberas et quitas de nostris hereditariis, sicut nos habemus hodie, nisi tantum quod debemus illas habere in tota nostra uita.

Et si mortuus fuerit Johannes Ruderici, ipsas hereditates habeat Maria Ruderici in sua uita, quod si ipsa Maria Ruderici mortua fuerit, totas ipsas hereditates nominatas habeat Johannes Ruderici in uita sua, a Canal et Cas de Tauris, cum omnia sua uoce sicut illos dant scilicet Johannes Ruderici et Maria Ruderici, et Torre teneant cum sua uoce, quod teneant Ferrariam de Mougam cum omnia sua uoce, quod medium de Rana cum sua uoce teneant in uita sua, quod post obitum nostrum remaneant ad monasterium, quod sit sepultura amborum nostrorum in uestro monasterio.

Ego J[ohannes] Abas cum autoritate et consilio ipsius capituli monasterii Sancte Marie de Ferrara damus uobis Johanni Ruderici et uxori vestre Marie Ruderici duos casales nominatos Ferrara de Mougam cum omnia sua uoce, sicut sta populatum, quod medium de Rana cum omnia sua uoce quas habemus sub signo Sancte Marie de Mougam, quod teneatis in uita uestra, quod post obitum uestrum remaneant ad monasterium Sancte Marie de Ferrara liberas et quitas cum tali populatione et cum quale uobis damus, quod quantam hereditatem compararent Johannes Ruderici et Maria Ruderici in Mougam et in Vilar Aldar remaneant semper cum alias hereditates ad monasterium Sancte Marie de Ferrara, quod modo nos J[ohannes] Ruderici et Maria Ruderici quitamus omnia hereditate Sancti Martini de Meta et de omnibus ecclesiariis. Ita ut de hodie et tempore istum pactum concedimus.

Si quis de nostra parte uel de uestra contra istam professionem uenerit, sit maledictus et excommunicatus et in inferno cum Iuda traditore dampnatus, et pectet .C. mbr. [centum morabetinos], et scriptum permaneat firmum.

Facta carta in mense decembris, in die Sancti Nicolai [= día 6], sub ERA M^a CC^a LXX^a I^a. Regnante rege Fernando in Legionem et in Gallecia et in Castella. Lucensi episcopo M[ichaele]. Tenente Monte Roso R[uderico] Gunit. Maiorino regis S[anctio] Pelagii. Tenente Paliare M[ichaele] Fernandi et R[uderico] Fernandi [de Rodario] et maiorino Micahel Johannis. Vicarii de isto pactu domnus M. Fernandi et R. Fernandi et domna Terasia et Berto Nuni.

Ego Johannes Ruderici et uxore mea Maria Ruderici istam cartam roboramus et hoc signum crucis facimus. Qui presentes fuerunt:


(1^a columna) R. Gundisalui miles ts et cf; F. Suarit miles de Lagias ts et cf; P. Ruderici de Quintanela ts et cf; M. Ordonii Sancti Romani ts et cf; M. Petri das Nugas ts et cf;

(2^a columna) L. Ruderici de Zoli ts; J. Suarit miles ts; O. Suarit miles ts; F. de Brina miles ts; P. Arias de Castilu ts.

(3^a columna) Prior P. Uermundi ts et cf; P. frater Iohannis, ts et cf; P. Stephani frater ts et cf; J. Pelagii frater ts et cf; P. Iohannis frater ts et cf.

J. Petri qui notuit ts et cf. [SIGNO notarial entre a 1^a e 2^a columna]

(AHN Lugo. Clero. Ferreira de Pallares. Carpeta 1084, n^o 14 y 15; transcripción de José-Angel Rey Caña, CDF, n^o 60). Véxase aquí unha fotocopia reducida do documento.



Pacto entre Xoán Louzao, abade de Ferreira de Pallares, e Xoán Rodríguez e a súa muller Maria Rodríguez. Ano 1233, 6 de decembro.